

RESOLUCIÓN REITORAL DE 20 DE MAIO DE 2018 POLA QUE SE ENCARGA Á FUAC A XESTIÓN ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CELEBRADO POLA UDC COAS UNIVERSIDADES DE VIGO E SANTIAGO, A CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E ECOEMBALAJES ESPAÑA S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO DA ESTRATEXIA DE ECONOMÍA CIRCULAR DE GALICIA 2018-2030

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Segundo o artigo décimo terceiro dos Estatutos da Fundación da Universidade da Coruña (en adiante FUAC) establécese que a FUAC é un medio propio e servizo técnico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), considerándose á relación da FUAC coa UDC, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e articulándose a través de encomendas de xestión, de conformidade co previsto na Lei de contratos do sector público (LCSP).

SEGUNDO. A FUAC conta cunha axeitada estrutura organizativa, capacidade de escalado do seu servizo e un coñecemento especializado requirido para dar resposta ás demandas xeradas pola sociedade e para potenciar as relacións da UDC con empresas e entidades sociais.

TERCEIRO. A FUAC é unha institución recoñecida e de referencia no ámbito empresarial, dispón dun coñecemento aplicado ben como dos recursos técnicos necesarios para cumprir coa xestión que requiren os servizos da UDC.

CUARTO. Dentro dos fin e finalidades da Universidade da Coruña está a transferencia de resultados de investigación a través de contratos de investigación ou Cátedras Universidade Empresa.

QUINTO. Polo dito anteriormente, a UDC pode encargar á FUAC a xestión económica de proxectos de investigación, cursos, cátedras institucionais ou outras actividades, requiríndose o establecemento dun axeitado marco da actuación conforme ao seguinte

ENCARGO

PRIMEIRO. O presente encargo baséase no artigo 32 da LCSP tendo polo polo tanto un carácter obrigatorio para a FUAC quen deberá aceptala e executala conforme ás instrucións dadas dende á UDC canto á interpretación dos traballos encomendados e o seu seguimento.

SEGUNDO. O obxecto do encargo é a xestión económica-administrativa do convenio de colaboración asinado entre a UDC, a USC, a UVigo, a Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Ecoembalajes España S.A. para o desenvolvemento da Estratexia de Economía Circular de Galicia 2018-2030.

TERCEIRO. O encargo comprenderá a realización, sempre que sexan demandados pola persoa coordinadora da execución do convenio na UDC, dun ou varios dos seguintes servizos:

- Xestión delegada económico-administrativa. As tarefas que comprende o servizo detállase como Anexo I.

Código Seguro De Verificación	nQbgIKX7q9BVECjF4gTqBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/05/2018 13:12:03
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nQbgIKX7q9BVECjF4gTqBw==		



- Secretariado técnico de apoio á Dirección. As tarefas que comprende o servizo detállase como Anexo II.

- Outros servizos de apoio. Outras tarefas adicionais demandadas pola dirección de cada actividade e non contempladas como xestión delegada ou secretariado técnico.

A FUAC será a responsable da calidade técnica dos servizos prestados ás Direccións das actividades conforme á validación das Direccións das mesmas.

CUARTO. Para o financiamento das tarefas indicadas na cláusula terceira, a FUAC repercutirá contra o orzamento de cada actividade os seguintes importes:

- O 5,0% da base imponible dos importes cobrados ou xestionados pola actividade realizada para o servizo de xestión delegada económico administrativa.
- O 2,5% da base imponible dos importes cobrados pola actividade realizada para o servizo de secretaría técnica.
- Calquera outro servizo de apoio demandado pola dirección das actividades deberá ser orzado pola FUAC e aprobado explicitamente pola dirección.

QUINTO. Para a xustificacións dos servizos encomendados, a FUAC informará á UDC dos servizos de xestión delegada económica administrativa e dos servizos de secretariado técnico u outros servizos de apoio.

SEXTO. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio que o permita o desenvolvemento da presente encomenda, a FUAC empregará o galego, podendo utilizar para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

SÉTIMO. En ningún caso a realización da encomenda suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral do persoal da FUAC coa UDC.

OITAVO. É responsabilidade da FUAC fornecer cantos medios humanos e materiais fosen precisos para a realización dos traballos, incluída a infraestrutura asignada pola UDC á FUAC.

NOVENO. A UDC poderá realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerar oportuno sobre á realización dos traballos da encomenda.

DÉCIMO. A presente encomenda estará vixente de forma indefinida até a súa derogación.

DÉCIMOPRIMEIRO. Corresponde á UDC a través da Secretaría Xeral a interpretación da presente encomenda así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

Por todo o indicado, a Reitoría da UDC

RESOLVE

UNICO. Encomendar á FUAC as actuacións referidas no apartado SEGUNDO do presente encargo relacionadas coa xestión económica administrativa e outros servizos de apoio á execución do convenio de colaboración asinado entre a UDC, a USC, a UVigo, a Consellaría de

Código Seguro De Verificación	nQbgIKX7q9BVECjF4gTqBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/05/2018 13:12:03
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nQbgIKX7q9BVECjF4gTqBw==		



Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Ecoembalajes España S.A. para o desenvolvemento da Estratexia de Economía Circular de Galicia 2018-2030.

A Coruña, 21 de maio de 2018

O reitor da Universidade da Coruña

Julio Ernesto Abalde Alonso

ANEXO I

TAREFAS QUE COMPRENDE O SERVIZO DA FUAC PARA A XESTIÓN DELEGADA ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA

A. Asesoría Xurídica.

- Xestións necesarias para a sinatura de contratos e convenios.
- Remisión á UDC para a súa sinatura dos contratos e convenios.
- Elaboración do contrato de prestación de servizos necesario para o desenvolvemento das actividades conforme á normativa.

B. Xestión económico/administrativa.

- Contabilidade separada de pagos e cobros.
- Consulta on-line da contabilidade analítica pola Dirección da actividade.
- Emisión de facturación en función do estipulado contractualmente para cada actividade.
- Recepción e identificación de transferencias.
- Tramitación dos pagos da actividade segundo o indicado da Dirección da mesma, unha vez comprobada a viabilidade económica.
- Control e liquidación de impostos asociados á actividade e aos participantes na mesma.
- Ingreso na conta da UDC das retencións establecidas.

C. Recursos humanos

- Asesoramento, realización e xestión dos contratos laborais asociados á actividade.
- Xestión de nóminas e seguranza social.
- Asesoramento, realización e xestión das bolsas de investigación e prácticas asociadas á actividade.

Código Seguro De Verificación	nQbgIKX7q9BVECjF4gTqBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/05/2018 13:12:03
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nQbgIKX7q9BVECjF4gTqBw==		



ANEXO II
TAREFAS QUE COMPRENDE O SERVIZO DA FUAC DE SECRETARIADO TÉCNICO

- Estudo da convocatoria proposta e avaliación conxunta coa Dirección da actividade da viabilidade de presentación.
- Asesoramento xeral económico-administrativo para á presentación á convocatoria e desenvolvemento da actividade.
- Elaboración da documentación previa administrativa e asesoramento sobre os requisitos para a parte técnica.
- Integración de toda a documentación conforme as necesidades específicas de cada convocatoria.
- Seguimento do cumprimento dos requisitos da actividade e características da convocatoria.
- Identificación e seguimento dos gastos elixibles.
- Apoio e xestión lóxística do proxecto; organización de viaxes e hoteis, tramitación de honorarios e xestión da facturación e seguimento cos provedores.
- Xustificación económico/administrativa, no seu caso, das subvencións e axudas concedidas baseada na documentación administrativa disponible así como na documentación aportada pola dirección sobre a realización técnica da actividade.

Código Seguro De Verificación	nQbgIKX7q9BVECjF4gTqBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/05/2018 13:12:03
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nQbgIKX7q9BVECjF4gTqBw==		

